



**BOLETÍN 139**  
**SETEMBRO 2018**

# CLUB MONTAÑEIROS CELTAS

## 6 a 9 de decembro: Bilbao: Montaña, cine, turismo...!!!

Cambiamos o costume de Montaña, só montaña, nestas datas, por un "remix": montaña-cine-cultura.

O campamento base será en Bilbao cidade, aloxándonos en albergue, para aproveitar as ventaxas dunha cidade e o acceso ao Mendifilm. Para as rutas montaÑeiras desprazarémonos en autobús e tamén para as culturais fóra de Bilbao.

O Mendi Tour, cine de montaña, que organizamos en Vigo na primavera pasada deunos a motivación suficiente para pensar en asistir colectivamente ao XI festival Mendifilm que se celebra en Bilbao do día 7 ao 16 de decembro, aproveitaremos para asistir á inauguración e o sábado ás sesións que queiramos.

Así programamos dobre actividade que seguro nos vai satisfacer a todos: montaña en Gorbea e/ou Urkiola (estamos estudando as posibles rutas, tere-des máis información nos próximos días), quizais algunha visita medioambiental-natural nos arredores de Bilbao, "potes" nocturnos na sempre atractiva cidade vella, e cultura, cultura por todos os percorridos que fagamos.

Ponte en contacto co club canto antes, sobre todo para poder facer as reservas de entradas para o Mendifilm.

Anímate!!!



## Seccións

Montaña e Sendeirismo.....	2
Cultura e medio ambiente.....	3
Federacións.....	4
Outras actividades.....	6
Actividades de socios .....	8
Actividades sociais .....	9
Calendario de actividades.....	10

## Vindeiras actividades

- Roteiro dos Faros
- Magosto Social e Pequemarcha
- 51º Campamento Galego de Espeleoloxía
- VII Andaina pola protección da Serra do Galiñeiro
- Campamento de Outono. Infantil-Xuvenil

**Lei de Protección de Datos:** Como ben sabedes entrou en funcionamento unha nova normativa de protección de datos que obriga ás entidades que teñan datos de carácter persoal dos usuarios ou clientes solicitar o consentimento expreso para facer uso deses datos. Montañeiros Celtas conta cunha base de datos na que se recollen os datos que subministrastes na ficha de socio, así como un libro de socios. Datos que empregamos para realizar comunicacións de actividades e de cuestións do funcionamento da asociación. Polo que necesitamos que nos fagades chegar por escrito, ben por email ou presencialmente nas nosas oficinas, o voso consentimento.

# MONTAÑA E SENDEIRISMO

## Pirineos 4-15 Agosto

VALLE DE ECHO, sen H na fala propia e ancestral deste rincón dos Pirineos, o “Cheso”, na provincia de Huesca, todo un descubrimento inesperado de beleza, cultura e lecer.

O val da paso a Selva de Oza, impresionante bosque de faias e maxestuosas formacións rochosas, arrodada de picos, ríos e fermosísimos pobos ben conservados e cheos de historia con maiúscula.

E aquí estamos nós, instalados finalmente no Camping de Echo, a 700 m do pobo do mesmo nome. Esta curta distancia facilitou a compra diaria de víveres, a cervexa ben merecida e , sobretodo, o contacto diario cos lugareños, algo que non deixou indiferente a ninguén.

Comezamos a actividade montañeira sen preámbulos e así, cun sol de xustiza, subimos o pico “Castillo de Acher” de 2.378 m, impresionante fortaleza rochosa que non da tregua na súa ascensión, pero que compensa o esforzo co pracer que supón adentrarse na Selva de Oza para unha vez superada, admirar as praderías ao pé do Acher e se cabe preguntarse por onde abrirse paso na parede de pedra cara a cima.

Como todo ten a súa recompensa, unha vez que o obxectivo está cumprido, xuntámonos todos no bar, que xa estabamos tardando.

Outro dos picos que subimos foi o Bisaurín de 2.670 m, aquí tivemos mala sorte porque o tempo non nos acompañou e iso que a nosa información dicía que as vistas eran impresionantes dende alí. O certo foi que o vento e o frío foron tan intensos que so tivemos tempo para facer a foto e baixar.

Houbo, tamén ascensión ao Peña Forca de 2.395 m, cun tramo precioso por bosque de conto de fadas que daba paso a unha golada dende a que pensabamos que estaba, a tiro de pedra, o cumio do Peña Forca e que tras unha interesante trepada so daba paso a un alto onde nos atopamos cos compañeiros que sí fixeron cima, de aí que a este alto démoslle en chamar o Alto do Encontro.

Pero, pode que a máis fermosa de todas as conquistas fose a subida ao Ibón de Acherito, por un sendeiro descuberto e estreito, aéreo, que nos permitía gozar a cada paso da paisaxe: vals, bosques e montañas rochosas de formas monumentais.

O Ibón, grande, escuro, entre montañas picudas, predeunos un bo cacho, comemos algo e baixamos por un lugar aínda máis fermoso se cabe.

Non todo foi facer montaña, tamén tivemos interesantísimas visitas culturais. Cerca de Echo, no veciño pobo de Siresa, atópase, nun excelente estado de conservación, a igrexa do desaparecido Mosteiro de San Pedro de Siresa, de factura prerrománica e que tivo moito peso nos alicerces do reino de Aragón.

Visitamos, tamén, o Castelo de Loarre, imponente, recio, austero, adaptado a un terreo máis que difícil, inesquecible.

E por último, O mosteiro de San Juan de la Peña, acochado baixo unha inmensa mole de conglomerado, intensa e intimamente relacionado cos anteriores.

Volvemos felices, relaxados, cheos de sol e bo ambiente, coas pilas cargadas e sempre dispostos para emprender novas andainas. Ata outra!

Melu



# CULTURAL E MEDIOAMBIENTE

## Pequemarcha- Pequecampamento Pinténs 23-24 Xuño

Por segundo ano consecutivo despedimos as pequemarchas co pequemampamento en Pinténs. O sábado pola mañá non estivemos moi madrugadores pero aos poucos iam chegando e instalando as tendas de

campaña, e cando xa estabamos todos marchamos á praia de Melide. Alí almorzamos, nos bañamos e xogamos mentres que agardabamos aos organizadores das Cuadrillas Sosas. Facía moita calor, pero mereceu a pena, nos repartiron gorras, auga, chalecos, luvas e bolsas para meter todo o lixo que fomos atopando. Nos dixeran que o concello limpara a praia o día anterior así que non esperabamos atopar tantas cousas ! Os rapaces estaban indignados de ver tanto lixo pero á vez tan motivados que creo que moitos nos sentimos moi orgullosos deles. Ao final fixeron unha clasificación de todo o que

recolleramos e non daban crédito... cómo podía haber tanta porcallada ! Foi unha experiencia que creo que marcou a moitos pequenos e agora non pasan de longo cando ven un plástico ou lixo nun areal.

Despois de tanto traballar pois había que refrescarse, así que volvemos á auga e logo de volta ao camping, un rico churrasco nos agardaba no chiringuito da praia ! Había que coller forzas para agardar á fogueira de San Xoán. A noite máxica comezou, tiramos papeis á fogueira, démoslle as 9 voltas e logo a durmir, fora un longo día.

O domingo pola mañá mentres que os pais recollían as tendas os pequenos seguían xogando na praia, algúns se animaron a ir en canoa, outros se bañaban, vaia, que o pasaron fatal !! Logo de xantar na praia uns ricos bocatas de calamares e de botar unha

sesta empezamos a marchar aos pouquiños cunha mestura de sentimentos: felices e relaxados do ben que o pasamos e algo tristes porque esta fin de semana xa rematará...



## Pequemarcha Monteferro

Rematáronse as vacacións e unha das boas cousas de volver ao traballo e ao cole e que volven as pequemarchas. Neste día de verouño quedamos no Monumento á Mariña Universal de Monteferro. Aquí empezamos a ruta, observamos o Monumento e os maiores buscabamos na nosa memoria cal era o nome de pila do Primo de Rivera que o inaugurara, menos mal que un espabilado se decatou de que estaba escrito alí senón non arrincabamos. A ruta empezou baixando unha boa costa, se escoitaban algúns comentarios de se estabamos a facer unha pequemarcha ou barranquismo... nos metemos nun bosque e chegamos a unha fonte, mentres que uns bebían outros exploraban e ben fixeron! porque atoparon a pel dunha serpe! Estaba enteiriña, ata tiña o burato do ollo ! Todos atendían as explicacións de Profe Emilio e tocaban esa pel admirativos. Logo nos achegamos a un mirador, as vistas eran desas que cargan as pilas para toda a semana, vimos corvos mariños, uns probaron as flores da madreSelva, outros comeron moras e xa aproveitamos para facer a pausa e repoñer forzas. Non estabamos moi lonxe do faro, así que ata alí fomos, algúns fixeron escalada polas rochas e outros observaban unha araña digna dunha reportaxe de National Geographic. Logo tocou subir unha costa das que custan pero a recompensa merecía a pena para os máis pequenos, dous canóns enormes nos que se subiron e escoitaban atentos as historias das batallas cos ingleses, mentres os pais ían buscar os víveres aos coches. Ao parecer algo sufriron baixando as bolsas coa comida pero mereceu a pena, estivemos comendo, compartindo, falando, rindo, durmindo, xogando e incluso celebrando un aniversario !




## Ruta Enoastronomía—Río Tea 29 Setembro

Levábamos tempo trala ruta de enoastronomía e cando nos chamaron para dicir que tiña que ser este sábado, 29 de setembro, rapidamente fixemos os preparativos para non deixala escapar.

Para aproveitar o día completamos a visita cunha ruta fluvial polo río Tea. O bo tempo acompañounos, ¡como non! si estamos no verán de San Miguel.

O autobús deixounos no cruzamento de Mondariz e As Neves, entrando ao camiño pola ponte romana de Pontearreas. Pasamos por Moscadeira, Angoares, Moreira coa ponte das Partidas ata chegar a unha área recreativa e darnos un pequeno descanso. Seguimos ata Fillaboa a beira do río onde comemos e tomamos un baño. Entón un grupo seguiu ata Salvaterra e outro, logo de descansar, camiñou ata a ponte medieval de Fillaboa. Atopámonos ás 18h. para unha visita á bodega “Luz das Estrelas” de onde partimos con Carlos, un botánico portugués, quen foi explicándonos as diferentes plantas que atopabamos polo camiño. Completamos o día cunha cata de viño ecolóxico de uva treixadura, albariño e macabeo e unha paella. Terminamos vendo as estrelas no observatorio que ten a bodega arriba. O autobús recolleunos á 1,30h. Un día longo pero intenso.

Elvi e Conchi



## ACTIVIDADES FEDERACIONES

### Copa Escalada Base 3 Xuño

Un ano máis organizamos a proba de Vigo correspondente a esta Copa Galega, o día 3 de xuño no Rocódromo municipal do Pavillón de Travesas. Comezamos moi cedo a preparar ás vías clasificatorias e tamén as vías asignadas a participantes que non competían. A partir das 10 da mañá foron inscribíndose as e os participantes, procedentes de A Coruña, Ourense e Vigo.

Acudiron un total de 64 participantes de idades comprendidas entre os 4 e os 18 anos. Realizouse unha competición “interclubs” para menores de 12 que non entran no rango oficial e a competición oficial dividida en dúas categorías: sub 18 e sub 16, e cada unha delas en feminino e masculino.

Os primeiros postos de clasificación foron os seguintes:

**Sub18 masculino: Nacho Cancela do Club AMI 1º e Abel García de CM Celtas de 2º.**

**Sub18 feminino: Claudia Garrote de Asesou.**

**Sub16 feminino: Noa Diz do AMI 1ª, Mara Rodríguez CM Celtas 2ª e Dafne Martínez de Asesou 3ª**

**Sub16 masculino: Hector López do AMI 1º, Eduardo Rosales do AMI 2º e Iago Paneque de Asesou 3º.**

Moitas grazas a todas e todos os participantes, ás mamás e papás por acercalos e facer posible a actividade e moi especialmente ao grupo de Montañeiros Celtas **Voluntarios**, un total de 14 persoas, que mantiveron a organización e actividade no nivel que se merece.



## XXXI Marcha Galega Vivac - Valdeorras 14 e 15 de Xullo

De novo o noso Club foi o responsable da organización da XXXI Marcha con Vivaque da Federación Galega de Montaña. Escollemos o Macizo Central Ourenseño que é un gran descoñecido. O comezo foi en Arnado ( Vilamartin de Valdeorras) seguindo o trazado da Vía Nova ou Vía XVIII do Itinerario de Antonino. Ía moita calor pero a senda percorre zoa de bosque. Na vila de

Correxais tivemos o primeiro avituallamento; visitando o seu Convento de Trinitarios (XVII) e a súa igrexa. No cumio, no Alto do Mouzón (1329), a nosa presidenta agardábanos cunha boa selección de froita que nos axudou a recuperar forzas.

O sábado o destino era a aldea perdida de Santoalla do Monte. É un lugar fermoso, moi ben orientado, rodeada de

barrancos profundos. Fomos moi ben recibidos pola familia de Margo, a muller holandesa que vive alí, abríndonos as portas da súa casa. De noite tivemos unha festa española-holandesa.

O domingo, despois do almorzo na casa de Margo, descendemos cara ao encoro de Santa Badia seguindo o fermoso Camiño Real que unía Santoalla do Monte con San Fiz "vello". Dende o encoro, baixamos pola espectacular Canle Romana labrada sobre as rochas que levaba a auga dende o río Xares ata Vilanuide (Quiroga) onde existiu una mina de ouro. Nós non chegamos ata tan lonxe, rematando o percorrido na vila de Portela de Portomourisco .

Os participantes tivemos unha comida de confraternidade na vila de O Bolo ou Volobriga.

Conchi



## Eleccións Federacións

Este é ano electoral para as federacións, na Federación Galega de Espeleoloxía xa se celebraron e foi proclamado presidente Francisco Martínez o día 24 de xullo, non habendo máis que a súa candidatura. Felicidades Paco!!, nas federacións de Montañismo e de Actividades Subacuáticas está o proceso electoral en curso e celebraranse as eleccións os días o 24 e 7 de novembro respectivamente.

Montañeiros Celtas presentou candidatura para o estamento de Entidades Deportivas na Asemblea ás tres federacións.



# Federación Galega de Espeleoloxía

# OUTRAS ACTIVIDADES

## Multiactividade Travesía de Vigo 14-15 Xullo

Sábado, oito da mañá, praia do Vao (Vigo), catro mochilas, saco de durmir, bici e un feixe de ganas. Tempo, temperatura e mar inmejorables. Non coñezo a ninguén. Así é como fin de semana.

Os kaiaks están preparados e pouco a pouco imos entrando en acción, vannos cargando ata a auga e eu inda non sei con quen paleo... porque... non, non ir en kaiak! e tiven que obrigar a alguén a que viñera comigo nunha canoa dobre. –Cristina? –Si. –Vou contigo na canoa. Menos mal.... Acordáronse de min! Cargamos a canoa, noción de paleo e a navegar!

Pouco a pouco a praia vai quedando atrás e a auga vai cambiando de cor. Entre conversa e conversa voume relaxando e comezo a desfrutar. Collemos o trazado para cruzar pola ruta marcada e cando estamos no medio e medio da ría... alí están eles xogando, a vinte metros de nós, si, si, si os arroaces! Impresionantes! Que grandes! Déixannos desfrutar do seu baile e marchan veloces. Nos proseguimos entre barcos que van as illas Cíes, bateas e disfrutando que desta volta, desde mar adentro teñen unha perspectiva totalmente distinta para min.

Praia de Melide, deixo de remar por orde do capitán da canoa, non vaia ser que teñamos un percance no desembarco. Hai que aproveitar a ola,

remar no intre xusto para entrar na praia. Chegada perfecta, ¡bravo! Case 12km en 2:15h.

Kaiaks e canoa ó remolque e a seguinte proba pero antes para recargar algo de forzas.

Comezamos a baixar polas rochas ata a entrada da furna. Agrupámonos en grupos de cinco. Ninguén parece estar preocupado por entrar pero eu co meu medo a auga e esa “pouca” claustrofobia que teño comezo a preguntar. ¿Como é? ¿é larga? ¿moi estreita? ¿ata onde chega a auga? Resulta que hai que pasar unha zona estreita coa auga ata o nariz! Jajaja xa sei quen vai quedar fora... Inda así poño o casco e entre de última do grupo. Entrada ampla, auga polos nocellos, refresca, cruce, xiramos a esquerda, estreitase un pouco e paramos. O primeiro do grupo está a pasar a zona estreita, miro para atrás, non vexo a saída, todo escuro e as paredes están moi pegadas; ¡Eu marcho! Antes de que deran conta eu xa estaba fora, branca coma a nata e a piques de chorar de impotencia. Desta volta non superar os meus medos.

Así como van saíndo da furna imos camiñando para Donón, pretiño da Caracola, na rocha máis alta que faremos escalada. Na miña vida escalei. Mentres agardamos turno para escalar xantamos uns estupendos bocatas. Éstes da asistencia están en todo... Vexo como

escalan e ¡carai! algún escala mellor que camiña. Poño os pés de gato, o arnés, ensinánme a facer o nudo de enganche e ahí vou. Comezo a subir. A rocha mírase distinta cando estás pegado a ela, as aperturas e saíntes parecen non estar onde estaban. Subo pouco a pouco, mar a esquerda, terra a dereita, e todo moi abaixo. Subo dous tercios e as miñas uñas encarnadas xa non me dan tregua, xa non aguanto mais os pés de gato, xa non hai mais gretas e ata aí chego. Trémeme as pernas do esforzo e da dor, e eu que pensaba que estaba en forma.... jajaja

Reagrupámonos para a seguinte actividade pero antes ¡froita! melón e sandía cortados e fríos, plátanos, albaricoques, ...estes da organización estanme gañando...

Toca ruta a pé, en total sairán 35km, 8:53h. Isto si que é para o que estou preparada. Gústanme as rutas porque permiten coñecer á xente que vai contigo. Vou camiñando con uns, con outros, escoitando as súas aventuras, as súas historias,... todos tiñan unha aventura que contar, que aportar, todos con centos de vivencias enriba.

Primeiro avituallamento dos dous que tiñamos e non o podo crer, entre outras cousas, ¡bocadiños de chocolate! Oooooleeee pola asistencia.

Faise de noite e sacamos os frontais, xa non queda nada, imos ben de tempo e

con algunha baixa chegamos o pavillón ruta en bici. Maiots, cascos,... e ja polo monte. A pesar de que non as tiña da escola de Domaio onde nos agarda pedalear! todas coa bici, sigo ben de forzas e unha merecida ducha e unha estupenda O inicio é duro, subida ata o Vixiador escollo o camiño polo monte. Logo cena. Facemos noite alí. onde nos espera o primeiro dunhas baixadas complicadas (trialeras) Espertamos, preparamos o almorzo, avituallamento. Algún decide enganchar nas que tiven que desmontar, xa non recollemos todo e saímos camiñando a ruta neste punto. Síntome ben, con queda nada, un último esforzo e cara o pequeno peirao que hai preto da forzas. chegamos o monte Aloia. En total ponte de Rande. Alí os valentes Proseguimos por camiños de Candean, 37'8km. nadadores bótanse á auga para cruzar a Cabral, Puxeiros, CUVI,... con algunha Para rematar comida todos xuntos no nado a ría. ¡Eu cruzo en coche! Co meu baixa e o grupo un pouco desperdigado refuxio e volta a praia do Vao. medo a auga esa proba e impensable. O debido ós distintos ritmos dos Unha fantástica fin de semana rodeada primeiro chega en dezanove minutos participantes chegamos ó último de boa xente. Gracias a todos e sobre outros retráanse un pouco máis por avituallamento no Galiñeiro. Neste todo a organización que foi inmejorable. mor da corrente que os vai levando ría punto a algún xa lle flaquean as forzas e Cristina Dominguez adentro. Cando finalmente rematan decide quedar alí, o resto dividímonos: todos a travesía preparámonos para a uns por carretera e outros continuamos



# ACTIVIDADES DE SOCIOS

## Escalada en Yosemite Park Agosto - Joël Rodríguez

El día 29 de agosto José Juan Domínguez( Club AROMON) y Joël Rodríguez (Club Montañeros Celtas) arrancamos dirección Yosemite National Park (California, EEUU), con la intención de escalar la pared del Capitán. Esta pared mide aproximadamente 900m de altura, nuestro principal objetivo del viaje era ascender esta pared por la vía Triple directa en menos de 24h. Con una longitud en su recorrido de 1100m aproximadamente, la media de días que se suelen invertir para ascender es de 3 a 4 días, esto supone transportar agua y comida entre otros para afrontar esos días en la pared, nuestro proyecto se basaba en intentar realizarla en el día y por lo tanto adoptar una estrategia de ascender más rápido y más ligeros. Finalmente el ascenso se consiguió en un total de 38h en total desde la base de la pared hasta la cumbre, teniendo que hacer una noche en la pared, el ambicioso proyecto de hacerla en menos de 24h no pudo ser, pero solo el hecho de intentarlo ha merecido la pena y lo hemos disfrutado. Una vez realizado el plan principal, realizamos más actividades de menor envergadura en otras paredes emblemáticas del valle como la combinación de las vías Moratorium con East Buttress al capitán, y la impresionante Leaning Tower entre otras. Desde aquí agradecer a la gente que de forma directa o indirecta nos habéis apoyado y seguido en este gran proyecto, Gracias, y un fuerte abrazo.





# Escolas Deportivas

## Curso 2018-2019

Chega setembro e o bulicio é impresionante, cada ano que pasa é máis enxordecedor: PREINSCRICIÓN NAS ESCOLAS DEPORTIVAS!!

Pois ben, este curso que comeza vai máis alá, houbo que crear un grupo máis nas Escolas Municipais de escalada porque había lista de espera e houbo que crear un grupo máis no club polo mesmo motivo. Isto en canto a menores de idade, en adultos pasa outro tanto e non se pode crear outro grupo por falta de instalacións.

Así imos comezar o curso con 2 grupos de infantís, 1 de xuvenís e 2 de perfeccionamento nas Escolas Municipais de Escalada, e 2 grupos de 3 a 7 anos, 2 de 8 a 10 anos e 1 de adultos no Club, formando a un total de 116 participantes inscritos, dos que 111 son menores. Ademais tamén un grupo de Montañismo Iniciación que comenará en breve.

## ACTIVIDADES SOCIAIS

### Campamento Social de Verán 21-22 Xullo



Os días 21 e 22 de Xullo nos reunimos no Camping "Terrón" en Vilanova de Arousa, por certo, nos prepararon unha zona de tendas, comida e aparcamento de vehículos con toldos para ter sombra. Isto me fixo lembrar aqueles campamentos de verán onde só destacaban as tendas canadienses, (algunhas aínda sen piso e con paos de madeira); unhas eran do Club e outras alugadas en SUALONSO. Todas elan lucían os bandeiríns que nos entregaban como recordo das marchas e campamentos nos que participabamos, que por certo eran de tela que se recortaban enriba da mesa de ping-pong, se imprimían na imprenta NUMEN e os cosía Ángeles de SUALONSO, qué tempos aqueles...

Ben, como ía dicindo, o sábado 21 montamos o campamento e celebramos a cea (que este ano mellorou as anteriores, que xa é difícil...)

No domingo 22 amañece un espléndido día, aínda que con vento, que fixo empregarse a fondo aos 36 participantes na travesía en piragüa ata a Illa de Arousa, ida e volta.

Logo, cada un fixo o seu grupo, e despois de comer fumos despedíndonos.

A organización dirixida pola Presidenta Lourdes e un animoso grupo de Directiv@s foi "excelente" xa que nos fixeron pasar unha alegre fin de semana.


José Luis

# VINDEIRAS ACTIVIDADES

## 51º Campamento Galego de Espeleoloxía

Ramales de la Victoria. 1-4 de Novembro de 2018

Neste 51º Campamento Galego de Espeleoloxía decidimos mover un pouquiño os marcos e invadir un pouco as leiras dos cántabros, concretamente ata Ramales da Victoria.



**SERRA DO GALIÑEIRO PARQUE NATURAL**

**OUTUBRO 21 DOMINGO 2018**

**Pola protección da Serra do Galiñeiro**  
www.serradogalinho.org

**VII Andaina Serra do Galiñeiro Parque Natural**

**SAÍDA: ERMIDA DAS NEVES, 10:30H.**

**CHEGADA: ERMIDA DAS NEVES, 15:00H.**

**A RUTA:**  
Lonxitude aproximada: 10km (do-ido).  
Desnivel acumulado 370 m.  
Nivel da ruta medio-baixo, sendeiros doados con poucos tramos de desnivel.  
Haberá unha ruta alternativa de só 8 km.

**Recomendacións levar:** Calzado e roupa adecuada e agua e comida para o resto da andaina.

**Comida:** Tráela dobre (sábado, domingo, hoxe, etc.) para que non queira comprar máis. Para reservar sitiar e algún dos seguintes números: 900 004 892 - 923 534 302 - 667 342 465.

### Magosto Social

Un ano máis chega o outono e chega o tempo das castañas e dos paseos polos soutos cheos de follas. En Montañeiros Celtas xa estamos facendo os preparativos para ter un magosto cargado de actividades e deliciosas viandas.



**Club Montañeiros Celtas**  
Sección Deportiva Infantil-Xuvenil

### SAÍDA DE OUTONO

**SECCIÓN INFANTIL-XUVENIL**  
**27-28 DE OUTUBRO DE 2018**  
**MONTE ALOIA**

Despois das aventuras da Operación Benxamin, este outono regresaremos ao monte Aloia, en todo o seu esplendor. O outono é unha época ideal na natureza onde as cores vermellas das árbores autóctonas son predominantes e non falan dos tempos de magosto e dos rigores e frios da inverno que está aínda por chegar.

O querido refuxio do noso club será o noso aloxamento. Nos esquecedes traer o **saco de durmir** e a **esterilla**.

No prezo da actividade está incluído o almorzo (leite con cacao e galletas), que correrá a cargo da organización e o sábado haberá leite e cacao quente despois da cea para quen o desexe. É necesario traer a merenda e algún complemento de cea para o sábado, e a comida do domingo, ademais de algo para picar para as marchas, como ven sendo habitual.

**-Saída: sábado 27 ás 16:00 horas en Montañeiros Celtas-**

**-Chegada: domingo 28 ás 20:00 horas en Montañeiros Celtas-**

**-Prezos: 17€ socios | 22€ non socios-**

**-A leite quente do sábado e o almorzo do domingo están incluídos-**

**-O resto das COMIDAS NON ESTÁN INCLUIDAS-**

**-Idades: De 8 a 16 anos-**

#### MATERIAL NECESARIO

- Saco de durmir e esterilla-
- Botas, guantes, gorro de abrigo-
- Chubasquero-
- Cazadora ou similar-
- Roupa de abrigo-
- Máis roupa de abrigo-
- Roupa e calzado de reposto completa (1 recambio completo obrigatorio, 2 recambios aconsellados)-
- Lanterna ou frontal-
- Comidas-
- Material de aseo persoal-
- Crema solar-
- Licenza deportiva en vigor (Infórmate no club)-

#### INFORMACIÓN

De luns a venres de 19:00 a 21:30 horas, no teléfono 986 438 505

**CLUB MONTAÑEIRO CELTAS**

Asociación de Promocións do Deporte Rural, composta por paisados, actividades recreativas e deportivas.  
www.celtas.net - Correo electrónico: info@celtas.net  
Avda. Canselán 78, oficina K. 36211 - VIGO - Tléx: 986 438 505 - 666 592 328 - CIF: G 38 637 890

### Ruta dos Faros

Cando comezamos a aventura do Camiño dos Faros, alá polo 25 de febreiro, lonxe quedaba da nosa mente o Faro de Fisterra. Agora, cando quedan 15,8 km, sorrimos co cheira da meta. Atrás quedan pateos variados e espectaculares, visitas cando menos curiosas (históricas, arquitectónicas, etnográficas,...), experiencias que quedarán na nosa memoria, lugares como o campin de Leis, sorpresa que aínda comentamos, compañeiros/as que non coñecemos, .....

Que nos queda? Máis do mesmo. Praias e acantilados, camiños e balados, ... sen que falten un par de repechos para arriba e para abaixo, non moi grandes esta vez.

Cruzaremos a longa praia do Rostro, pasaremos por Castromiñán, ao lado onde asustou o Casón, veremos a praia de Arnela, preciosa pero perigosa para o baño, veremos a praia do Mar de Fóra, subiremos ao monte do Facho e veremos o Facho, ao que chegaremos paseniñamente, pero cun sorriso quilométrico.

Celebrarémolo como se merece.

O domingo faremos algunha visita en liña coas realizadas.



Edita: Club Montañeiros Celtas

Edición: Mónica Vila

Colaboran neste número: Lourdes C., Melu, Mónica V., Elvira A., Conchi G., Conchi B., Cristina D., Joël R., José Luis V.

Imprime: Garpe / DP: vg-40-1998

Impreso en papel reciclado

	DÍA	LUGAR- E ACTIVIDADE	SECCIÓN
<b>O U T U B R O</b>	7	Pequemarcha Sálvora	Cultura M.Ambiente
	6	Nepal 2018	Montaña
	12-14	Montaña Ancares Leoneses	Montaña
	14	Actividade Bici: Saxamonde	Bici
	20-21	23º Campamento Infantil-Xuvenil espeleoloxía	Espéleo
	21	Andaina Pola protección da Serra do Galiñeiro	Celtas-Plataforma Gali
	27-28	Camiño dos Faros última etapa	Montaña-Sendeiros

	DÍA	LUGAR- E ACTIVIDADE	SECCIÓN
<b>N O V E M B R O</b>	1 a 4	LI Campamento Galego de Espeleoloxía. Cantabria	FGE-GES M Celtas
	10	Pequemarcha. Magosto e marcha orientación. M. Aloia	Cultura/M. Ambiente
	11	Magosto Social	Social
	11	Saída de bici Aloia	Bici
	18	Roteiro por Sistelo	Montaña/Sendeiro
	25	Roteiro por Castro Caldelas	Montaña/Sendeiro

	DÍA	LUGAR- E ACTIVIDADE	SECCIÓN
<b>D E C E M B R O</b>	6 a 9	Montaña. Gorbeia ou Urquiola	Montaña/Sendeiros
	6 a 9	Mendifilm Bilbao	Social
	15-16	Campamento Social de espeleoloxía	Espéleo
	23	Saída de bici: saída de Nadal	Bici
	16	Día das Montañas. Serra Xurés-P.N. Peneda	FGM-Clubs
	21	Festa fin de ano	Social

**Publicorreo  
Óptimo**

# CLUB MONTAÑEIROSCELTAS

Avda. Camelias, 78 oficina k – 36211 Vigo

Teléfono 986 438 505 /   @clubmontaneirosceltas

[www.celtas.gal](http://www.celtas.gal) / [info@celtas.net](mailto:info@celtas.net)